

ESCOLA DE COVAS

Negreira - A Coruña

Lat. N 42º 55' 17,71''

Lonx. O 8º 44' 53,69''



Fachada principal

A Escola de Covas, en Negreira, foi promovida no ano 1919 pola sociedade Unión Barcalesa de La Habana.

O edificio ocupa unha posición central na ampla parcela onde se sitúa. Volumétrica e funcionalmente, a escola destaca pola súa sinxeleza: un prisma regular dun único andar con cuberta a catro augas que, na planta, se distribúe en dúas aulas a ambos os lados dun corredor central que atravesa en transversal o edificio.

A construción está elevada con respecto ao terreo. Conta cun soto que sobresaia á altura de cinco chanzos sobre o nivel do chan. Este só ten acceso en forma de trapela e probablemente servise como almacén auxiliar das aulas.

Os espazos docentes responden aos requirimentos da pedagogía moderna. Por unha parte, os conceptos hixienistas de



Vista da parcela desde a via de acceso



Detalle da fachada principal

AS ESCOLAS DA EMIGRACIÓN



ESCOLA DE COVAS

Negreira - A Coruña

Lat. N 42° 55' 17,71''

Lonx. O 8° 44' 53,69''

iluminación natural e ventilación cruzada resólvense coas numerosas fiestras coas que contan en todas as fachadas. E, por outra, a forma case cadrada na planta, remite a unha docencia activa na que o alumnado participa, sen un punto focal desde o que o mestre/a imparte clases maxistras.


Existe unha evidente diferenza de tratamento entre as fachadas en canto á ornamentación. O alzado principal presenta un conxunto de elementos que o singularizan con respecto á nudez dos outros tres. Na parte central, unha escaleira de cinco chanzos conduce ao acceso principal. Este está flanqueado a ambos os lados por dúas pilastras que rematan superiormente no frontispicio que coroa a fachada. Este, con forma semicircular como base, contén en relevo un globo terráqueo entre dúas pilastras con remates vexetais. A figura da terra estaba policromada coas cores e a forma da bandeira de Galicia, dotando estes elementos dunha forte carga simbólica.

Toda a fachada está dividida en franxas horizontais: zócolo, carpintarías e cornixa; e en bandas verticais marcadas polos ocos das fiestras, con pilastras de capiteis con motivos vexetais entre elas.


Merecen especial atención a formalización dos ocos das carpintarías. Todas as fiestras do edificio están formadas por tres vans independentes: dous verticais e un horizontal de remate superior.

Esta escola, sen uso concreto na actualidade, constitúe un exemplo de arquitectura indiana comedida en moitos aspectos, como no tamaño do edificio, pero cun gran coidado no enfoque formal e construtivo. Os elementos decorativos responden a un estilo ecléctico que combina formas xeométricas simples con motivos vexetais, con claras referencias á arquitectura centroeuropea do momento.

Nestes momentos o edificio conserva os elementos arquitectónicos fundamentais que o definen, e unha intervención respectuosa garantiría o seu mantemento e uso dotacional no tempo.



ALZADO PRINCIPAL



PLANTA



Hipótese de estado orixinal



Frontispicio



Carpintarías



Detalle de verxa